

**PROGRAMACIÓN DE INGLÉS DE INFANTIL.
C.E.I.P. SAN SALVADOR . CURSO 2021-22.**

1. OBXECTIVOS:

- Establecer rutinas de aprendizaxe.
- Familiarizar ó alumnado cos sons do inglés a través de xogos , contos e cancións en inglés.
- Entender un contexto sinxelo narrado de forma oral coa axuda do apoio visual e xestual.
- Inferir vocabulario.
- Aprender xogando.
- Memorizar sinxelas frases contextualizadas.
- Dramatizar contos e diálogos sinxelos.
- Representar cancións.
- Comenzar a utilizar o vocabulario da clase e do seu entorno cotiá en inglés.
- Fomentar o uso do inglés en situacións comunicativas diversas adaptadas ó seu nivel nun contexto fundamentalmente motivador que sirva como medio para aprender xogando e divertíndose.
- Fomentar unha actitude positiva no alumnado de cara á Lingua Inglesa e respecto e interese pola súa cultura.
- Coñecer aspectos culturais dos países de fala inglesa, tales coma festas , hábitos alimenticios, música, deportes, lendas, contos , natureza, etc..
- Acadar a integración e socialización do alumnado no seu grupo mediante actividades motivadoras como xogos e dramatizacións utilizando unha linguaxe sinxela apropiada ó seu nivel.
- Educar na tolerancia e respecto á diferenza.

2 CONTIDOS.

2.1 COMUNICATIVOS:

- Saúdos e despedidas.
- Preguntas e respostas.
- Afirmación ou negación dunha frase.
- Chants, rimas e cancións.
- Contos e dramatizacións de contos, cancións e historias sinxelas.
- Comprensión de contos e cancións coa axuda do apoio visual e xestual.
- Predicción do que vai a suceder nun conto.
- Intercambio de información.
- Dramatizacións .
- Comprensión e expresión de sinxelas situacións comunicativas.
- Interacción.
- Observación a asociación de obxectos e ilustracións.
- Resposta a instrucións.

2.2. LINGÜÍSTICOS.

2.2.1 FUNCIONES:

- Saúdos.
- Fórmulas de identificación persoal.
- Fórmulas para pedir e dar información (Can I have an apple, please?.../

Have you got a...? Yes, I have/ No, I haven't...)

- Expresión de habilidades: (Can you...? Yes, I can / No , I can't)
- Expresión de gustos e preferencias (Do you like...? Yes, I do /
- No, I don't)
- Fórmulas de cortesía (Please and Thank you ...)
- Peticións (Can I go to the toilet, please?...)
- Seguir instruccións simples: (Go straight on / Turn right / Turn left/ Stop / Cross / Sand up / Sit down / Be quiet, please ...)

2.2.2. VOCABULARIO:

- As partes do corpo.
- A linguaxe da aula.
- Os números.
- As cores.
- A comida.
- Os animais.
- A familia.
- Os xoguetes.
- Os deportes.
- Os transportes

2.2.3. PRONUNCIACIÓN:

- De sons illados, palabras e pequenas frases.
- Seguimento do ritmo correcto de cancións, rimas e chants.
- Correcta entoación de frases sinxelas.

2.3. SOCIOCULTURAI:

- Xogos e dramatizacións.
- Aspectos culturais dos países de fala inglesa (música, deportes, lendas , comidas...)
- Festa típicas dos países de fala inglesa (Halloween, Christmas, Easter, ST.Patrick , etc.)
- Interese cara a lingua e a cultura anglosaxona.
- Integración do alumnado no seu grupo.
- Traballo en equipo e por parellas nos diversos xogos, cancións, dramatizacións e outras actividades propostas.

2.4. ATITUDINAIS:

- Respeto á diferenza.
- Participación activa nas actividades propostas.
- Disfrute ó cantar e xogar en inglés.
- Vontade de seguir rutinas.
- Curiosidade por adiviñar o que hai na maleta viaxeira.
- Ánimo de disfrutar en xogos libres e guiados.

3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:

A metodoloxía será activa , participativa e constructivista .Partirase do nivel do alumno e irase construíndo paulatinamente a súa aprendizaxe coa axuda do profesor.

Centrarémonos nun enfoque comunicativo baseado fundamentalmente na comprensión e na expresión oral para poder acadar unha competencia comunicativa moi básica. Resulta evidente que nestas idades adquiren a Lingua Inglesa a nivel oral xa que deben dominar primeiro o código de escritura da súa lingua antes de aprender un código diferente como é o inglés.

Partiremos de contos ou vídeos para presentar a linguaxe contextualizada. Traballarase a través de xogos as estruturas e vocabulario previamente presentados; nesta fase práctica levaranse a cabo as actividades en principio a nivel grupal e posteriormente por parellas ou pequenos grupos. Finalmente, na fase de produción, procederase a utilizar ditas estruturas e vocabulario en pequenas situacións comunicativas. Trátase non só de que comprendan o vocabulario e as estruturas básicas, senón tamén de que aprendan a utilizalas en situacións comunicativas diversas e sinxelas que dominan na súa Lingua Familiar.

Así mesmo fomentarase unha actitude positiva cara á Lingua Inglesa e a súa cultura mediante o xogo e a dramatización; de forma tal que paulatinamente se produza a inmersión na nova cultura e se integren nela. Ademais, deben mellorar o seu coñecemento

da Lingua , deben mellorar a súa pronunciación , deben conseguir expresarse en pequenas situacións comunicativas e adquirir destrezas básicas e vocabulario que lles sirva de base para o posterior estudo da lingua.

Desenrolarase a competencia comunicativa a través de:

- CONTOS.
- XOGOS.
- CANCIÓNS.
- DRAMATIZACIÓNS.
- TOTAL PHYSICAL RESPONSE.
- MARIONETAS.
- NOVAS TECNOLOXÍAS (VÍDEOS, ORDENADORES, PIZARRA DIXITAL, ETC.)

4.AVALIACIÓN:

- A avaliación será inicial, formativa e sumativa.
- Haberá avaliación inicial ó principio do proceso para ver de qué coñecementos parte o alumnado.
- Será tamén formativa ó longo de todo o proceso mediante a observación directa.
- Finalmente será sumativa ó final do proceso, mediante a realización dalgunha actividade oral que servirá de avaliación sumativa.
- Avalíase todo o proceso.

Teranse en conta os seguintes **criterios de avaliación:**

- É capaz de expresarse en diversas situacións comunicativas.
- Identifica o vocabulario e as estruturas traballadas.
- É capaz de inferir a información global dun texto coa axuda do apoio visual e xestual.
- Utiliza ben o vocabulario e as estruturas traballadas.

- Pronuncia correctamente.
- Aprende xogando.
- Coñece algúns aspectos culturais dos países de fala inglesa.
- Participa activamente en diversas situacións comunicativas.
- Amona interese e disputa participando en xogos, dramatizacións e cancións.
- Intégrase no grupo.

5. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Incidirase fundamentalmente na competencia en comunicación lingüística e relacionarase coas demais competencias .

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Adaptanse as actividades ao nivel do alumnado.

7. TEMPORALIZACIÓN:

No primeiro trimestre traballaranse aspectos relativos á información persoal, as cores , os números ,Halloween , Thanksgiving e o Nadal .

No segundo trimestre as partes do corpo, os animais, St. Patrick´s Day e o vocabulario da aula.

No 3º trimestre a familia ,os xoguetes, Easter , a comida e os transportes .